

Xaneiro, 2003. (Eu que sei, Augusto Monterroso)

“O mar, o mar...do noso país prisión”

O día cento oito de estadía na illa, segundo o seu propio calendario, Robinsón, insomne polo barullo dos paxaros que toda a noite oíra voar cara o océano, decidiu cruzar a vasta soedade sen nome da selva, para acadar os cantís do noroeste, onde aniñaban os soños das anduriñas.

O cento dezanove día do Señor, rematado o seu periplo, Robinsón, enviso no voo dun mascato, mergullou o pé nunha pucharca de chapapote. Cando baixou a mirada do ceo á praia, cuberta dunha mesta tona negra, comprendeu a imposibilidade de conxeturar o tamaño do calamar que deitara aquela cantidade de tinta na area.

Robinsón pasouse os seguintes cen días, segundo o seu propio calendario, enterrando galletas de chapapote nos buracos que fixera entre as palmeiras, a trinta pasos no interior da maré máis alta.

A noite do día cen, rematada a tarefa, durmiu deseguido debaixo dun teito de nubes negras. Cando despertou, rodeado dun silencio nidio e transparente, o Prestige seguía alí.